

**APARTADO D:
ANÁLISE DO NOVO MARCO
NORMATIVO E INSTITUCIONAL E
IMPACTO PREVISIBLE NA
FUTURA ESTRATEXIA**

Contido

D. Análise do novo marco normativo e institucional e impacto previsible na futura estratexia.....	2
D.1 Estratexias da UE.....	2
D.1.1 Documentos de maior relevancia considerados.....	2
D.1.2 Orientacións e indicacións prácticas.....	3
D.1.3 Notas breves sobre cada un dos documentos seleccionados.....	6
D.2 Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 e a súa aplicación en Galicia.....	12
D.2.1 Aclaración inicial sobre os documentos relevantes a nivel español.....	12
D.2.2 Orientacións e indicacións prácticas en relación co Plan Estratéxico da PAC.....	12
D.3 Estratexias sectoriais e iniciativas da Xunta de Galicia relacionadas co medio rural.....	18
D.3.1 Documentos de maior relevancia a considerar.....	18
D.3.2 Orientacións e indicacións prácticas.....	19
D.3.3 Notas breves sobre algunhas das iniciativas e plans sectoriais citados.....	22

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

D. Análise do novo marco normativo e institucional e impacto previsible na futura estratexia.

O Anexo C das bases reguladoras establece o seguinte sobre o contido deste apartado D da proposta de Estratexia de desenvolvemento local:

“Este punto deberá incluír unha análise detallada da incidencia da nova PAC e das recentes políticas europeas (Pacto Verde, Estratexia da Granxa á Mesa, Estratexia de Biodiversidade 2030, Estratexia Forestal da UE, etc.) na futura estratexia de desenvolvemento local, así como da complementariedade da iniciativa Leader con outras iniciativas da Xunta de Galicia con impacto significativo no ámbito xeográfico correspondente, especialmente das vinculadas ao medio rural (por exemplo, as diferentes estratexias sectoriais, como as do sector lácteo, o sector vitivinícola e o sector cárnico, ou o Plan forestal de Galicia), e especialmente da Lei de recuperación da terra agraria. Detallarse a incorporación destas políticas e normativas no Plan de acción da estratexia.”

Organízase o texto en tres subapartados:

D.1. Estratexias da UE

D.2. Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 e a súa aplicación en Galicia

D.3. Estratexias sectoriais e iniciativas da Xunta de Galicia relacionadas co medio rural

D.1 Estratexias da UE

D.1.1 Documentos de maior relevancia considerados

- Pacto Verde Europeo.
- Estratexia “da granxa á mesa” para un sistema alimentario xusto, saudable e respectuoso co medio ambiente.
- Estratexia da UE sobre a biodiversidade de aquí a 2030.
- Nova Estratexia da UE en favor dos Bosques para 2030.

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

D.1.2 Orientacións e indicacións prácticas

Para cada un dos documentos considerados, identifícanse os obxectivos e directrices máis relevantes para o territorio e se especifica: a súa incidencia no territorio e na estratexia do GDR; e a forma na que eses obxectivos e directrices son incorporados na estratexia de Seitura 22. Na seguinte táboa aparecen recollidos os elementos das estratexias analizadas que se consideran máis relevantes para o GDR.

Táboa 1. Táboa elaborada a partir da análise dos documentos considerados:

Obxectivos ou elementos seleccionados do documento	Incidencia no territorio e na estratexia do GDR (relación co DAFO)	Forma na que é incorporado na estratexia do GDR
1.- Pacto Verde Europeo		
O apoio a iniciativas que supoñan a redución de gases de efecto invernadoiro	Pouco relevante no diagnóstico aínda que consideramos que debemos seguir traballando nesta liña pola súa importancia e repercusión no medioambiente.	Ante a regulación do uso da terra o cambio de uso, a silvicultura, etc. Neste sentido vimos traballando, nos anteriores e actual períodos, na promoción dos sistemas agroforestais, entre outros motivos, pola súa capacidade manifesta de secuestro de CO2. E contemplaremos o emprego de ferramentas que permitan o cálculo da pegada de Carbono en diferentes sectores produtivos.

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

<p>A produción de enerxía limpa, asequible e segura.</p>	<p>Moi relevante na estratexia do GDR, aínda que aparece recollida de forma transversal no DAFO. A transición cara unha enerxía limpa debe implicar e beneficiar aos consumidores. As fontes de enerxía renovables desempeñarán un papel clave.</p>	<p>Esta xa foi unha cuestión presente no actual período, a través dunha discriminación positiva no baremo de selección de proxectos, e profundarase neste aspecto no seguinte período dada a relevancia da suficiencia enerxética para o desenvolvemento de calquera actividade. Así mesmo, terá un peso importante nos obxectivos.</p>
<p>O fomento da economía circular</p>	<p>A incidencia no territorio é pouco relevante e deberá de facerse de forma gradual, xa que polo momento no diagnóstico non foi recoñecida a súa importancia debido á incertidume para a súa implementación e desenvolvemento.</p>	<p>Discriminación positiva no baremo de selección de proxectos.</p>
<p>O impulso dun sistema alimentario xusto, saudable e respectuoso co medio ambiente</p>	<p>A incidencia no territorio é moi relevante, do DAFO se extrae como fortaleza a produción de calidade e proximidade</p>	<p>Esta cuestión forma parte da actual estratexia xa que fómomos centrando nun sistema alimentario territorializado e seguirá sendo un elemento central dentro da nova estratexia.</p>
<p>O apoio a iniciativas para protexer a biodiversidade</p>	<p>A súa incidencia no territorio é moi relevante, destacándose entre as debilidades as carencias en temas de xestión ambiental.</p>	<p>Desenvólvese máis adiante de xeito detallado no punto 3 de estratexia sobre biodiversidade.</p>

2.- Estratexia da granxa á mesa

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

O fomento de prácticas que contribúan ao secuestro de carbono	Relevante, así neste período xa abordamos a temática no marco do proxecto de cooperación Son de Monte, a través dun convenio co Grupo de investigación de Sistemas Silvopastorais da USC.	Asumindo obxectivos neste sentido, mellorando o manexo do solo no marco de intervencións silvopastorais. Esperamos poder darlle continuidade a través das convocatorias de cooperación.
O impulso de iniciativas de cooperación que reforcen a posición dos agricultores na cadea alimentaria	Neste momento estamos a desenvolver diversas iniciativas relacionadas co sector; proxecto Terralimta da Fundación Carasso (Sistemas Alimentarios Territorializados), apoio da Fundación Entretantos, proxecto Nó Rural, etc. Que nos levan a sinalar diferentes oportunidades para o territorio en materia de alimentación.	Este está sendo un elemento central da Estratexia de Seitura 22, polo que será un dos principais obxectivos da mesma.
O impulso de cadeas de comercialización curtas	O proxecto de cooperación de ecocomedores e a súa continuidade a través do expediente de animación e as convocatorias de cooperación xa ten un reflexo no apartado de fortalezas.	Este proxecto promove dietas máis saudables (reducindo graxas, azucre ou sal), e sobre todo máis equilibradas pero tamén abre a posibilidade de estruturar a oferta de produto para dar resposta a demanda xenerada a partir do proxecto.

3.- Estratexia sobre biodiversidade 2030

Actuacións en áreas protexidas do territorio	Relevante. A partir das debilidades ambientais detectadas, neste novo período creouse a mesa ambiental para abordalas dun xeito máis específico.	Incorporación ao Plan de Acción dunha liña específica ambiental en coherencia tamén co Plan de Recuperación da Natureza da UE.
--	--	--

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

O impulso de prácticas agrarias sustentables;	Relevante. Según o diagnóstico é necesario protexer a fertilidade do solo, reducir a súa erosión e aumentar a súa materia orgánica. Isto debe facerse adoptando prácticas sostibles de xestión do solo, polo que desde Seitura 22 asumiremos como propio o obxectivo de estender as prácticas agroecolóxicas de maneira significativa.	A mellor maneira parécenos facelo de forma transversal primando este tipo de prácticas no Baremo de selección de proxectos.
O apoio á ecoloxización de áreas urbanas e periurbanas	Relevante. Tal como se desprende do diagnóstico o noso territorio ten unha parte que encaixa nesta definición, nese sentido esperamos poder acompañar o desenvolvemento da Estratexia galega da Infraestrutura Verde e da Conectividade e a restauración ecolóxicas, que publicará en breve a Xunta de Galicia.	Para o cal desenvolveremos actuacións de cooperación, como a que actualmente implementamos co territorio veciño das Mariñas – Betanzos no que desenvolvemos actuacións a partir da xa aprobada Infraestrutura verde da área da Coruña.
4.- Nova estratexia en favor dos bosques 2030		
Plans de ordenación forestal	Segundo se desprende do diagnóstico a ordenación sigue plantexándose como unha necesidade.	Estamos a introducir obxectivos que, a través dos instrumentos da Lei de recuperación da Terra Agraria; Agrupacións de xestión conxunta e polígonos agroforestais, esperamos poder acadar.

D.1.3 Notas breves sobre cada un dos documentos seleccionados

Achégase un breve extracto de elementos esenciais dos documentos citados, como punto de partida para a súa análise e reflexión.

a. Pacto Verde

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

O Pacto Verde é a estratexia da UE para conseguir a neutralidade climática. Engloba un amplo abano de iniciativas políticas en ámbitos moi diversos, destinadas a encamiñar á UE nesa transición ecolóxica. En particular, concretamos a vinculación da estratexia do GDR con:

- O apoio a iniciativas que supoñan a redución de gases de efecto invernadoiro.
- A produción e utilización de enerxía limpa.
- O fomento da economía circular.
- O impulso dun sistema alimentario xusto, saudable e respectuoso co medio ambiente. (Estratexia da granxa á mesa).
- O apoio a iniciativas para protexer a biodiversidade (Estratexia sobre biodiversidade).
- A contribución a un entorno sen substancias tóxicas.

A importancia deste documento queda de manifesto, dado que “todas as actuacións e políticas da UE deberán contribuír aos obxectivos do Pacto Verde Europeo”. Ademais enténdese que o mesmo é “parte integrante da estratexia da Comisión para aplicar a Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible das Nacións Unidas”.

A figura a continuación ilustra os diferentes elementos do Pacto Verde.

Dos cales, e dada as orientacións sectoriais do Leader, perseguiremos de forma especial os obxectivos recollidos na Estratexia da Granxa á Mesa e na Preservación e restablecemento dos ecosistemas e a biodiversidade. Sen descoidar a posibilidade de traballar noutros ámbitos do Pacto Verde a partir da futura ficha Leader do PDR, como por exemplo:

Un maior nivel de ambición climática da UE para 2030. A Comisión elevará o obxectivo de redución das emisións de gases de efecto invernadoiro, tamén en sectores non incluídos no Réxime de Comercio de Dereitos, a regulación do uso da terra, o cambio de uso da terra e a silvicultura, etc. Neste sentido vimos traballando na promoción dos sistemas agroforestais, entre outros motivos, pola súa capacidade manifesta de secuestro de CO₂. Ou contemplaremos o emprego de ferramentas que permitan o cálculo da pegada de Carbono en diferentes sectores produtivos.

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Subministro de enerxía limpa, asequible e segura. A transición cara unha enerxía limpa debe implicar e beneficiar aos consumidores. As fontes de enerxía renovables desempeñarán un papel clave. Si esta xa foi unha cuestión presente no actual período, a través dunha discriminación positiva no baremo de selección de proxectos, profundarase neste aspecto no seguinte período dada a relevancia da suficiencia enerxética para o desenvolvemento de calquera actividade.

Mobilización da industria en pro dunha economía limpa e circular. Contéplase un novo plan de acción da economía circular que axudará a modernizar a economía e a aproveitar as oportunidades da economía circular. Esta será unha cuestión a introducir no futuro baremo de selección de proxectos, en consecuencia co que se recolle máis adiante: “os fondos europeos, incluídos os de desenvolvemento rural, axudarán ás zonas rurais a sacar partido das oportunidades da economía circular e da bioeconomía”.

b. Estratexia da granxa á mesa

Como un elemento central do Pacto Verde, en maio de 2020 a Comisión Europea presentou esta estratexia destinada a conseguir un sistema alimentario xusto, saudable e respectuoso co medio ambiente. Pretende transformar a forma de producir e de consumir alimentos na UE para: reducir a pegada medioambiental dos sistemas alimentarios; reforzar a súa resiliencia fronte ás crises; seguir garantindo a dispoñibilidade de alimentos saudables e asequibles, tamén para as xeracións futuras. Abordarase a vinculación desas estratexias con:

- O fomento de prácticas que contribúan ao secuestro de carbono.
- O apoio á economía circular e á produción de enerxías renovables.
- O impulso de prácticas que reduzan a utilización de pesticidas químicos e o exceso de fertilización.
- O apoio á produción de sementes de calidade, adaptadas ás condicións locais.
- O fomento da agricultura ecolóxica.
- O impulso de iniciativas de cooperación que reforcen a posición dos agricultores na cadea alimentaria.

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

- O estímulo de prácticas sustentables na transformación de alimentos, no comercio maiorista e minorista, na hostalaría e nos servizos de comidas.
- O impulso de cadeas de comercialización curtas.

Está é un elemento esencial do Pacto Verde. Nela trátanse os desafíos dos sistemas alimentarios sostibles e recoñécense os vínculos inextricables entre persoas sans, sociedades sans e un planeta san. A estratexia tamén é un compoñente fundamental da axenda da Comisión para acadar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) das Nacións Unidas.

É evidente que a transición non se producirá sen un cambio na dieta das persoas. En xeral, as dietas europeas non están en consonancia coas recomendacións dietéticas nacionais e o «entorno alimentario» non garante que a opción saudable sexa sempre a máis fácil. Si as dietas europeas adecuáranse ás recomendacións dietéticas, a pegada ambiental dos sistemas alimentarios reduciríase considerablemente. As pautas actuais de consumo de alimentos son insostibles, tanto desde a perspectiva da saúde como do medio ambiente.

Mellorar a dispoñibilidade e o prezo dos alimentos sostibles e promover dietas saudables e sostibles axudará a que rexións e autoridades públicas contribúan mediante o aprovisionamento de alimentos sostibles para as escolas, hospitais e institucións públicas, impulsando os sistemas de agricultura sostible, como a agricultura ecolóxica.

Esta estratexia e o seu contido será o elemento central da EDLP de Seitura 22, sobre o que pivotará a actividade da entidade no próximo período, tendo en conta que xa neste período fómomos centrando no apoio a un sistema alimentario territorializado e polo tanto máis resiliente: Proxecto de cooperación dos ecocomedores, Marketplace de produtores locais, expedientes de animación como a guía de produtores, apoio á viabilidade das explotacións gandeiras, elaboración do plan Alimentario, etc.

c. Estratexia sobre biodiversidade 2030

A Estratexia sobre a biodiversidade, presentada tamén pola Comisión Europea en maio de 2020, é outro dos elementos centrais do Pacto Verde. Trata de protexer a natureza e contribuír á recuperación dos ecosistemas, particularmente da biodiversidade. Con isto búscase reforzar a resiliencia da sociedade fronte a ameazas como o cambio

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

climático, os incendios forestais, a inseguridade alimentaria ou os brotes de novas enfermidades. En particular, abordaremos a coherencia cos seguintes aspectos:

- As actuacións en áreas protexidas do territorio.
- A contribución á recuperación de ecosistemas degradados.
- O impulso de prácticas agrarias sustentables.
- O apoio a iniciativas empresariais que contribúan á recuperación de biodiversidade.
- O fomento do abastecemento sustentable de enerxías renovables.
- O apoio á ecoloxización de áreas urbanas e periurbanas.

A inversión en capital natural, incluídas a recuperación de hábitats ricos en carbono e a agricultura respectuosa co clima, é unha das políticas de saneamento orzamentario máis importantes, por canto ofrece un forte efecto multiplicador na economía e ten un impacto positivo sobre o clima. A biodiversidade é tamén fundamental para salvagardar a seguridade alimentaria. A perda de biodiversidade constitúe unha ameaza para os nosos sistemas alimentarios, o que pon en perigo a seguridade alimentaria e a nutrición. A humanidade debería comprometerse co principio de ganancia neta para devolverlle á natureza máis do que se lle quita. Así, resulta indispensable redobrar esforzos para protexer a fertilidade do solo, reducir a súa erosión e aumentar a súa materia orgánica.

Dentro do Plan de Recuperación da Natureza da UE, será fundamental protexer os bosques primarios e maduros, así como outros ecosistemas ricos en carbono; turbeiras, pastizais, etc., xestionar dunha maneira eficaz os espazos protexidos, e reducir a presenza das especies exóticas invasoras dado que poden socavar os esforzos por protexer e recuperar a natureza.

d. Nova estratexia en favor dos bosques 2030

Esta estratexia, presentada pola Comisión Europea en xullo de 2021, está baseada no Pacto Verde e na Estratexia da UE sobre biodiversidade. Inclúe medidas para reforzar a protección e restauración dos bosques, así como para mellorar a xestión forestal sustentable, de cara a garantir uns ecosistemas forestais resilientes e multifuncionais. Neste sentido, contemplaremos a contribución da estratexia con:

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

- A promover a bioeconomía forestal sustentable para os produtos de madeira de longa duración.
- A garantir o uso sustentable dos recursos baseados na madeira para a bioenerxía.
- A promover a bioeconomía forestal non madeireira, particularmente o ecoturismo.
- A capacitar ás persoas para unha economía forestal sustentable.

Esta Estratexia ten como obxectivo liberar o potencial dos bosques para o noso futuro. Está baseada no Pacto Verde Europeo e na Estratexia da UE sobre Biodiversidade de aquí a 2030 e reconece o papel central e multifuncional dos bosques, así como a contribución dos silvicultores e toda a cadea de valor forestal para lograr de aquí a 2050 unha economía sostible e climáticamente neutra, ao tempo que se garante a restauración, resiliencia e protección adecuada de todos os ecosistemas.

Os propietarios e xestores forestais necesitan incentivos financeiros para poder ofrecer, ademais de materiais e produtos madeireiros e non madeireiros, servizos ecosistémicos a través da protección e restauración dos bosques, así como para aumentar a resiliencia dos bosques mediante a adopción de prácticas de xestión forestal máis respectuosas co clima e a biodiversidade.

Así, anímase aos Estados membros ao establecemento dun réxime de pago polos servizos ecosistémicos para os propietarios e xestores forestais, a fin de cubrir os costes e as perdas de ingresos. Tamén a acelerar o despliegue das prácticas de captura de carbono en solos agrícolas. Polo que a Comisión ofrecerá asesoramento e orientación técnica sobre a creación dun réxime de pago por servizos ecosistémicos, promovendo réximes de remuneración forestal nun plan de acción tanto para a captura de carbono en solos agrícolas como para a certificación da eliminación de carbono. Temática abordada xa neste período a través do proxecto de cooperación “Son de Monte”.

Ademais, en consonancia coa Estratexia da UE sobre a Biodiversidade, a porcentaxe de superficie forestal abarcada polos plans de ordenación forestal debe abarcar un número crecente de bosques privados. Neste sentido a participación dos GDR’s na implementación dos instrumentos contemplados na nova Lei de Recuperación da Terra Agraria de Galicia, especialmente a través dos Polígonos Agroforestais e as

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Agrupacións de Xestión Conxunta, deberá redundar na consecución dos obxectivos plantexados.

D.2 Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 e a súa aplicación en Galicia

D.2.1 Aclaración inicial sobre os documentos relevantes a nivel español

Considérase que o principal marco a analizar a nivel español é o Plan Estratégico de la PAC de España 2023-2027 (PEPAC), no que se insire a intervención Leader. O motivo é que este define todas as medidas de desenvolvemento rural (cofinanciadas polo FEADER) que se van aplicar no período, a nivel estatal e en cada unha das Comunidades Autónomas, ademais de recoller o deseño das diferentes axudas directas do primeiro pilar da PAC e dos programas ou intervencións sectoriais. Polo tanto, o PEPAC establece o contexto operativo no que vamos a actuar os GDR galegos nos próximos anos.

Existen, ademais, moitos outros plans, programas e estratexias a nivel estatal que poden ser relevantes. Algúns deles concibidos como documentos de planificación estratéxica, mentres que outros constitúen plans de actuación dotados dun financiamento específico. Sen ningún ánimo de exhaustividade, podemos mencionar entre os documentos de planificación estratéxica: Plan de Medidas ante el Reto Demográfico; Estrategia Española de Cambio Climático y Energía Limpia; Estrategia Española de Descarbonización a Largo Plazo; Estrategia Española de Economía Circular 2030; Estrategia Nacional de Infraestructura Verde y de la Conectividad y Restauración Ecológicas. E, no referido ás oportunidades de financiamento público de accións concretas, cabe citar os programas operativos dos Fondos Estructurais (FEDER, FSE) e as actuacións financiadas cos fondos Next Generation EU (a través do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia).

D.2.2 Orientacións e indicacións prácticas en relación co Plan Estratéxico da PAC

O contido completo do Plan Estratéxico da PAC de España 2023-2027 (PEPAC), tal como foi aprobado pola Comisión Europea o 31 de agosto de 2022, está dispoñible na web do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación (MAPA): <https://www.mapa.gob.es/es/pac/post-2020/plan-estrategico-pac.aspx>.

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Partindo deste documento, centraremos a análise e reflexión nos aspectos que se desenvolven a continuación.

a. Necesidades identificadas no PEPAC ás que contribúe a estratexia do GDR

O deseño da intervención LEADER en España pode encontrarse nas páxinas 2278-2331 do PEPAC, de acordo con ese deseño, dos 9 obxectivos específicos e o obxectivo transversal establecidos para a PAC 2023-2027, a intervención LEADER vai contribuír ao obxectivo específico 8: “Promover o emprego, o crecemento, a igualdade de xénero, incluída a participación das mulleres na agricultura, a inclusión social e o desenvolvemento local nas zonas rurais, entre elas a bioeconomía circular e a silvicultura sustentable”. En coherencia con iso, aborda as seguintes necesidades identificadas para o conxunto de España:

- Permanencia e asentamento de nova poboación, xoves e mulleres.
- Sistemas agroalimentario e forestal sustentables e diversificados.
- Emprendemento e talento innovador.
- Infraestruturas e servizos en áreas rurais.
- Desenvolvemento endógeno.
- Mellora de colectivos en risco de exclusión social.
- Bioeconomía.
- Formación, divulgación e transferencia de coñecemento en bioeconomía.
- Xestión forestal sustentable.
- Silvicultura preventiva, restauración danos, infraestruturas forestais, vías pecuarias e pastoreo.
- Explotacións de mulleres.
- Incorporación e permanencia de mulleres.
- Órganos de decisión e mulleres.

Para Galicia contamos cun documento específico de diagnóstico e análise de necesidades, adaptado á realidade galega, partindo deste documento, analizamos cales das necesidades identificadas no PEPAC de Galicia (PEPAC-GAL) son máis relevantes

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

para o territorio e ás que pretendemos dar resposta na estratexia. Isto desenvólvese no arquivo anexo ao apartado D.

A continuación expoñemos as necesidades identificadas no PEPAC de Galicia máis relevantes para o territorio e ás que pretende dar resposta a estratexia do GDR.

- Incrementar a competitividade e sostenibilidade das explotacións.
- Mellorar a produtividade das explotacións agrarias.
- Favorecer a incorporación á actividade agraria de mozos e mulleres.
- Fomentar o emprego dos recursos propios.
- Fomentar a investigación, o desenvolvemento, a innovación, a dixitalización e a transferencia de coñecemento.
- Impulsar a mobilidade da terra e a posto en produción de superficies abandonadas.
- Mellorar a xestión e aproveitamento sostible dos pastos permanentes.
- Agrupación do sector produtor para gañar dimensión económica.
- Fomento das producións de calidade diferenciada e ecolóxicas.
- Desenvolvemento de canles de venda alternativos.
- Apoio, dentro da cadea de valor, de medidas de adaptación e mitigación para a loita contra o cambio climático.
- Impulsar o desenvolvemento da industria agroalimentaria.
- Apoio á participación dos agricultores na transformación e comercialización.
- Aumentar a capacidade de sumidoiro de carbono.
- Reducir a vulnerabilidade dos sistemas agrícolas, gandeiros e/ou forestais.
- Promover a diversificación da produción e a inclusión de cultivos e razas con maior potencial de adaptación.
- Diminuír o consumo de enerxía.
- Xerar e transferir coñecemento (I+D+i).
- Promover prácticas agrícolas que contribúan á redución e optimización do uso de insumos.

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

- Cuantificar, valorizar e monitorizar a capacidade de sumidoiro de CO2 dos sistemas agrarios e forestais.
- Conservación e xestión de terreos forestais.
- Mellorar a textura, a estrutura e a fertilidade do solo.
- Protexer o solo agrícola de maior capacidade produtiva.
- Manter e recuperar a biodiversidade natural.
- Potenciar a asignación de fondos europeos en zonas Rede Natura 2000.
- Fomentar sistemas de produción agrícolas, gandeiros e forestais sostibles.
- Mellorar o estado de conservación das poboacións de polinizadores.
- Facilitar o acceso á terra.
- Promover a visibilidade e o empoderamento da muller rural.
- Mellora da dotación de infraestruturas e servizos nas áreas rurais.
- Asegurar e fomentar a implementación dun desenvolvemento endógeno.
- Fomentar a xestión forestal sostible.
- Estimular o aproveitamento sostible e multifuncional das superficies de Montes Veciñais en Man Común.
- Modificar os hábitos de consumo en favor da sostibilidade.
- Mellorar a información sobre alimentación.
- Mellorar a calidade alimentaria.
- Promover a Dieta Atlántica.
- Incrementar o esforzo investidor en I+D+i agroforestal.

b. Sinerxías e complementariedades coas outras medidas de desenvolvemento rural que vai xestionar a Xunta de Galicia

Dentro das intervencións previstas no PEPAC son de especial relevancia para os GDR as outras medidas de desenvolvemento rural programadas para Galicia e que vai xestionar a Administración Autonómica.

Para esas medidas analizamos o seu aliñamento e sinerxías potenciais coa estratexia do GDR. En particular:

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

- o Cales desas intervencións son máis relevantes para o territorio.
- o En cales existe posibilidade de que o GDR poida interactuar para a axeitada implementación da intervención.

Os resultados desa análise e reflexión poden recollerse na táboa anexa ao apartado D, e que contempla os seguintes campos:

Táboa 2. Sinerxías e complementariedade da estratexia do GDR con outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Xunta de Galicia no marco do PEPAC

Medida de desenvolvemento rural de interese para o GDR	Relación co DAFO do GDR	Rol do GDR (divulgador, beneficiario potencial, colaboración na implementación...)	Posibles tipos de proxectos promovidos ou financiados polo GDR	Outras posibles accións do GDR sinérxicas
Intervención 6501.4 - Compromisos agroambientais en superficies agrarias: Apicultura para a biodiversidade	Oportunidade no interese da sociedade na extensificación, redución de insumos e camiñar cara a opcións agroecolóxicas	Divulgador	Apoio as actividades das asoci. de apicultores	Colaboración Programas Operativos
Intervención 6842.1 - Axudas a inversións con obxectivos ambientais en transformación, comercialización e/ou desenvolvemento de produtos agrarios	Revaloración da produción agraria	Colaboración	Modernización dos obradores agroalimentarios	Apoio, integración iniciativas locais, formación, promoción, etc.
Intervención 6842.2 - Ayudas a inversións en transformación, comercialización y/o desenvolvemento de produtos agroalimentarios	Revaloración da produción agraria	Colaboración	Novos obradores agroalimentarios	Apoio, integración iniciativas locais, formación, promoción, etc.

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Intervención 6843.2 - Axudas a inversións en infraestruturas agrarias para fomento da competitividade (incluídas aldeas modelo e polígonos agroforestais)	Oportunidades derivadas das políticas públicas agrarias	Colaboración	Implementación Lei recuperación terra agraria	Implementación Lei recuperación terra agraria; difusión, coordinación.
Intervención 7119 - LEADER		Beneficiario		
Intervención 7131 - Cooperación para promover a participación nos rexímenes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios	Revaloración da produción agraria	Colaboración	Promoción das marcas de calidade comarcais existentes	Difusión Marca Artesanía Alimentaria
Intervención 7132 - Cooperación para a promoción dos produtos agrícolas e alimenticios en rexímenes de calidade	Revaloración da produción agraria	Colaboración	Promoción das marcas de calidade comarcais existentes	Colaboración no marco do Plan Alimentario Local
Intervención 7161 - Cooperación de grupos operativos da Asociación Europea para a Innovación en materia de produtividade e sustentabilidade agrícola (AEI-Agri)	Oportunidade no interese da sociedade na extensificación, redución de insumos e camiñar cara a opcións agrocolóxicas	Colaboración	Apoio selección xenética apicultura	Colaboración no marco do Plan Alimentario Local
Intervención 7191 - Proxecto de cooperación para promover as organizacións ou grupos de produtores	Oportunidade no interese da sociedade na extensificación, redución de insumos e camiñar cara a	Colaboración	Apoio realización investimentos, adquisición de maquinaria	Apoio constitución, asesoramento, formación, etc.

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

	opcións agroecolóxicas			
--	------------------------	--	--	--

c. Interese potencial das intervencións de desenvolvemento rural supra-autonómicas (xestionadas polo MAPA)

Complementariamente, analizamos as intervencións supra-autonómicas de desenvolvemento rural recollidas no PEPAC, e sobre:

- Cales desas intervencións supra-autonómicas son máis relevantes para o territorio do GDR.
- En cales existe posibilidade de que o GDR poida xogar algún papel en relación á súa aplicación.

Na táboa que aparece a continuación aparecen os resultados desa análise.

Táboa 3 Sinerxías e complementariedade da estratexia do GDR coas intervencións de desenvolvemento rural supra-autonómicas

Intervención supra-autonómica	Relación co DAFO do GDR	Rol do GDR (divulgador, beneficiario potencial, colaboración na implementación...)	Posibles tipos de proxectos promovidos ou financiados polo GDR	Outras posibles accións do GDR sinérxicas
7161 - Cooperación de grupos operativos da Asociación Europea para a Innovación en materia de produtividade e sostenibilidade agrícolas (EIP-Agri)	Razas autóctonas polinizadores	Colaborador	Investigación, proxecto no produtivo	Dar apoio a posibles candidaturas de Programas Operativos

D.3 Estratexias sectoriais e iniciativas da Xunta de Galicia relacionadas co medio rural

D.3.1 Documentos de maior relevancia a considerar

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Neste subapartado abordamos as iniciativas prioritarias e as estratexias sectoriais impulsadas pola Consellería do Medio rural, na medida en que estas teñan incidencia significativa e sexan relevantes para o territorio do GDR.

En particular, destacamos:

- Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.
- Estratexia de dinamización do sector lácteo galego 2020-2025.
- Estratexia de dinamización do sector cárnico en Galicia.
- Plan Forestal de Galicia 2021-2040. Cara á neutralidade carbónica.
- Plan estratéxico do castiñeiro e da produción de castaña.

De xeito complementario considéranse outras estratexias impulsadas noutros eidos de planificación por parte da Xunta de Galicia, sempre que teñan unha incidencia particularmente relevante para o territorio do GDR. Por exemplo: Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía ([plan 2019-2023](#)), Estratexia Galega de Economía Circular 2020-2030, Estratexia Galega da Paisaxe, Estratexia de Infraestrutura Verde de Galicia.

D.3.2 Orientacións e indicacións prácticas

En canto á Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, a súa análise abórdase con maior detalle no apartado E. Neste apartado D reflexionase con carácter estratéxico sobre os aspectos e instrumentos (artigos) de maior relevancia para o territorio e, especialmente, sobre o rol que o GDR pode ter na súa promoción e implementación.

Para as estratexias ou plans sectoriais da Consellería do Medio Rural, identificamos:

- a) Os elementos máis salientables do DAFO do GDR aliñados coas estratexias ou plans máis relevantes.
- b) As principais accións recollidas neses plans que poidan ser sinéxicas coa acción do GDR, tratando de precisar a forma na que isto pode concretarse.

Elaborase unha táboa similar á que figura a continuación, presente no antedito anexo ao apartado D.

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Táboa 4 Aliñamento da estratexia do GDR coas estratexias ou plans sectoriais da Consellería do Medio Rural

Estratexia/ plan -Elemento ou acción relevante	Relación co DAFO do GDR	Rol do GDR (divulgador, beneficiario potencial, colaboración na implementación...)
Lei de recuperación da terra agraria de Galicia		
Promover a recuperación produtiva das terras agroforestais de Galicia, desenvolvendo para iso mecanismos de posta en valor baseados nos arrendamentos, nas cesións, nas permutas ou nas transmisións da titularidade das terras.	A necesidade de recuperación da terra agraria sinalouse no diagnóstico elaborado en varias das mesas, nomeadamente na Agroforestal, Ambiental e tamén na de Igualdade.	Según a iniciativa concreta xogará o papel de divulgador, colaborador ou financiador. Ou varios deles ao mesmo tempo.
Previr e loitar contra o abandono das terras agroforestais, establecendo medidas de recuperación, agrupación, redimensionamento, mellora estrutural e de infraestruturas que faciliten a súa mobilización e prestando atención especial ao fomento de iniciativas de xestión e aproveitamento conxunto das terras recuperadas.	A necesidade de recuperación da terra agraria sinalouse no diagnóstico elaborado en varias das mesas, nomeadamente na Agroforestal, Ambiental e tamén na de Igualdade.	Idem.
Facilitar a posta en contacto entre as persoas emprendedoras de proxectos agroforestais e as persoas titulares de terras.	A necesidade de recuperación da terra agraria sinalouse no diagnóstico elaborado en varias das mesas, nomeadamente na Agroforestal, Ambiental e tamén na de Igualdade.	Idem.
Favorecer o mantemento da poboación vinculada á actividade agroforestal, promovendo e recoñecendo o papel da muller en condicións	A necesidade de recuperación da terra agraria sinalouse no diagnóstico elaborado en varias das mesas,	Idem.

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

de igualdade e a remuda xeracional.	nomeadamente na Agroforestal, Ambiental e tamén na de Igualdade.	
Afianzar a actividade agroforestal fomentando o seu desenvolvemento, así como o doutras actividades complementarias que sexan compatibles co respecto dos valores naturais, a conservación do patrimonio cultural de interese agrario e a integridade da contorna.	A necesidade de recuperación da terra agraria sinalouse no diagnóstico elaborado en varias das mesas, nomeadamente na Agroforestal, Ambiental e tamén na de Igualdade.	Idem.
Incentivar as producións agroforestais sustentables e, en especial, a produción ecolóxica, os sistemas gandeiros de carácter extensivo e a xestión forestal sustentable.	A necesidade de recuperación da terra agraria sinalouse no diagnóstico elaborado en varias das mesas, nomeadamente na Agroforestal, Ambiental e tamén na de Igualdade.	Idem.
Impulsar instrumentos innovadores en materia de acceso á terra que favorezan a incorporación de persoas mozas á actividade agraria.	A necesidade de recuperación da terra agraria sinalouse no diagnóstico elaborado en varias das mesas, nomeadamente na Agroforestal, Ambiental e tamén na de Igualdade.	Idem.
Estratexia de dinamización do sector lácteo galego 2020-2025		
Reforzar as relacións entre os axentes integrantes da cadea de valor do leite.	Oportunidade no interese da sociedade na extensificación, redución de insumos e camiñar cara a opcións agroecolóxicas.	Idem.
Estratexia de dinamización do sector cárnico en Galicia		
Avanzar cara a unha produción sustentable, respectuosa co medio ambiente, que aposte polo benestar animal e que xere riqueza e oportunidades nos espazos rurais.	Oportunidade no interese da sociedade na extensificación, redución de insumos e camiñar cara a opcións agroecolóxicas	Idem.
Impulso dos sistemas de explotación ligados á protección do medio ambiente	Oportunidade no interese da sociedade na extensificación, redución de insumos e	Idem.

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

(produccións extensivas e semiextensivas).	camiñar cara a opcións agroecolóxicas	
Mellora do nivel de transformación da industria cárnica e da xeración de valor engadido en todos os elos da cadea.	Revaloración da produción agraria	Idem.
Aumentar o peso das marcas de calidade.	Revaloración da produción agraria	Idem.
Plan Forestal de Galicia 2021-2040		
Contribución do monte galego á conservación da natureza e á prestación doutros servizos	Defínese como fortaleza a riqueza do patrimonio natural	Idem.
Planificación, ordenación e gobernanza.	Oportunidades de xestión conxunta	Idem.

D.3.3 Notas breves sobre algunhas das iniciativas e plans sectoriais citados

i. Estratexia de dinamización do sector lácteo galego 2020-2025

Este documento pretende ser unha guía para orientar as políticas da Consellaría do Medio Rural de cara a fortalecer o sector ou cadea láctea en Galicia en distintos ámbitos: sucesión e relevo xeracional, base territorial, cuestións medioambientais e de benestar animal, articulación da cadea de valor, industria e distribución, estruturas de formación, I+D+i, promoción, etc.

A estratexia do GDR, analiza a súa posible contribución aos obxectivos xerais contemplados neste documento, sendo a seguinte:

- Reforzar as relacións entre os axentes integrantes da cadea do valor do leite.

ii. Lei de recuperación da terra agraria de Galicia

En 2021 o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia. Este texto lexislativo ten o fin de garantir a sustentabilidade do sector agroforestal e unha serie de obxectivos xerais que se enumeran no artigo 2 do mesmo. A estratexia do GDR analiza en que medida esta presenta sinerxías coa citada lei na procura deses obxectivos xerais, en particular cos seguintes:

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

- Promover a recuperación produtiva das terras agroforestais de Galicia, desenvolvendo para iso mecanismos de posta en valor baseados nos arrendamentos, nas cesións, nas permutas ou nas transmisións da titularidade das terras por calquera medio válido en dereito, así como na xestión conxunta das terras.
- Previr e loitar contra o abandono das terras agroforestais, establecendo medidas de recuperación, agrupación, redimensionamento, mellora estrutural e de infraestruturas que faciliten a súa mobilización para uso agroforestal e prestando atención especial ao fomento da constitución de iniciativas de xestión e aproveitamento conxunto das terras recuperadas.
- Facilitar a posta en contacto entre as persoas emprendedoras de proxectos agroforestais e as persoas titulares de terras.
- Favorecer o mantemento da poboación vinculada á actividade agroforestal, promovendo e recoñecendo o papel da muller en condicións de igualdade e a remuda xeracional coa incorporación de persoas mozas ás explotacións, así como fomentar que as novas explotacións agroforestais contribúan á renda familiar.
- Afianzar a actividade agroforestal como actividade económica de referencia fomentando o seu desenvolvemento, así como o doutras actividades complementarias que sexan compatibles co respecto dos valores naturais, a conservación do patrimonio cultural de interese agrario e a integridade da contorna.
- Incentivar as producións agroforestais sustentables e, en especial, a produción ecolóxica, os sistemas gandeiros de carácter extensivo e a xestión forestal sustentable.
- Impulsar instrumentos innovadores en materia de acceso á terra que favorezan a incorporación de persoas mozas á actividade agraria.

De forma máis concreta, no plano das actuacións, a estratexia recollerá vías de colaboración co Banco de Terras de Galicia, así como na dinamización de aldeas modelo, polígonos agroforestais e outros mecanismos e instrumentos da Lei dentro do seu ámbito territorial. Así neste momento estamos a coordinar o proxecto de cooperación Nó rural centrado na aplicación dos instrumentos da Lei de mobilidade dos

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

cinco territorios participantes. A nosa intención é que esta iniciativa teña continuidade ao longo do período a través da medida de cooperación.